

## OBRAS CONVIDADAS DO MUSEO DE PONTEVEDRA

O vindeiro 8 de xullo, ás 19:00 h, terá lugar a inauguración do proxecto “Obras convidadas do Museo de Pontevedra” na sala 25 (monográfica de Castelao) do Museo Provincial de Lugo, que contará coa asistencia dos responsables de ambas institucións.

Trátase dun programa de colaboración institucional entre o MPL e o Museo de Pontevedra que ten por obxectivo establecer diálogos entre as coleccións dos dous centros. Nesta primeira parte da iniciativa, que terá continuidade con futuros préstamos, procurouse a dinamización da sala de Castelao do MPL mediante a substitución de cinco pezas da exposición estable por outras cinco facilitadas polo MP.

Ademais, ao abeiro desta mostra, levarase a cabo en setembro a III Xornada dedicada á vixencia de Castelao.

**Proxecto:** Obras convidadas do Museo de Pontevedra

**Datas:** Desde o 8 de xullo ata o 31 de decembro de 2026

**Coordinación:** Dirección do Museo Provincial de Lugo

**Implementación:** Departamento de Belas Artes do Museo Provincial de Lugo

**Colaboración:** Museo de Pontevedra

As obras que se amosan son as seguintes:



### **Lela e o carabineiro entre as mulleres**

Ilustración do primeiro acto (escena IV) da versión manuscrita definitiva de *Os vellos non deben de namorarse*

Ca. 1939

Augada/papel

21,20 x 27,20 cm



### **A nai, o pai e Pimpinela**

Ilustración do terceiro acto da versión manuscrita definitiva de *Os vellos non deben de namorarse*

Ca. 1939

Augada/papel

27,50 x 20 cm



### **O mozo e o vello**

Ilustración do terceiro acto (escena II) da versión manuscrita definitiva de *Os vellos non deben de namorarse*

Ca. 1939

Augada/papel

27,50 x 20 cm



### **A morte**

Ilustración do terceiro acto da versión manuscrita definitiva de *Os vellos non deben de namorarse*

Ca. 1939

Augada/papel

27,5 x 20,10 cm



### **Rostro de Pimpinela**

Ilustración do terceiro acto da versión manuscrita definitiva de *Os vellos non deben de namorarse*

Ca. 1939

Augada/papel

27,4 x 21 cm